

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 25 DE SETEMBRO DE 2014.

ASISTENTES:

Presidenta:

D.^a. Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:

D. José Ignacio Portos Vázquez

(con voz pero sen voto)

D. Jose Angel Rey Seoane

D.^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez



Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:00 horas do día vinte e cinco de setembro de 2014, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, D.^a Ana Ledo Fernandez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vazquez Vazquez.

Aberta a sesión pola Sra. Alcaldesa, pasanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 28/08/2014, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 28/08/2014.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DA DIRECCION XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL DA CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA

DE ACORDO DE INCOACION DE PROCESO SANCIONADOR DE JOSE ANGEL GAREA SANCHEZ

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con rexistro de entrada neste concello co nº 2053 en data 22/09/2014, no que se comunica o acordo de incoación de procedemento sancionador contra José Ángel Garea Sánchez como responsable das obras de ampliación de instalacións ganderas coa construción de tres silos de forraxe no lugar da Igrexa, parroquia de Dormeá incumprindo as condicións sinaladas na resolución de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 12/03/2007.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- CIRCULAR DA SECCION DE PLANS PROVINCIAIS DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA SOBRE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2015

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Sección de Plans Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2039 en data 19/09/2014, no que se envía a circular sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2015 coa asignación 197.038,89 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA SECCION DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA SOBRE APROBACIÓN DO ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 1842 en data 05/09/2014, no que se envía a resolución pola que se aproba o aboamento do anticipo da subvención correspondente ao programa DP0001: Convocatoria do Programa de financiamento de cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais dirixido a concello da provincia da Coruña durante o exercicio 2014, Concello de Boimorto:

Obxecto da subvención: Persoal cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais

Importe da subvención: 7.986,28€

Importe que se ha xustificar: 7.986,28€

Importe do anticipo que se vaia aboar: 3.993,14€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- ESCRITO DA DIRECCION XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL DA CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA DE RESOLUCIÓN POLA QUE SE INCOA O EXPEDIENTE DE DELIMITACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO NORTE

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con rexistro de entrada neste concello co nº 1797 en data 02/09/2014, no que se comunica a resolución do 9 de agosto de 2013, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural incoa expediente de delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta da costa, ao seu paso por Galicia onde se estima a alegación formulada no tramo de Corredoiras.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA SECCION DE SERVIZOS SOCIAIS DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA SOBRE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA E O PAGO DO SEGUNDO PRAZO DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA FOAXCA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA SERVIZOS SOCIAIS 2013

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2082 en data 23/09/2014, no que se resolve a aprobación da conta xustificativa e o aboamento do segundo prazo:

Subvención: Proxecto maiores activos

Importe concedido: 2.499,00€

Aboamento do segundo prazo da subvención: 1.249,50€.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- ACORDO DA SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DE DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA PARA A AMPLIACIÓN DA MINIRESIDENCIA DE BOIMORTO

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, con rexistro de entrada neste concello co nº 2032 en data 18/09/2014, no que se acorda a decisión sobre a non necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica relativa ó Plan especial dotacional para a ampliación da miniresidencia de Boimorto e remisión dos informes recibidos durante o periodo de consultas ao que se someteu o documento de inicio (DI) que corresponden os organismos de Augas de Galicia e Instituto de Estudos do Territorio.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.2. PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.2.1 AUTORIZACIÓN USO CASA DA CULTURA

Vista a instancia de data 15/09/2014, rexistro de entrada no Concello co número 2034, subscrita por Dna. Elena López García, na que solicita autorización para utilizar o salón de actos da casa de cultura, o día 22 de novembro de 2014 en horario de 19:00 a 21:00 horas para a presentación do libro “Buenas noches Julia” da súa filla Emma Pardo López,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a utilización do salón de actos da casa de cultura a Dna. Elena López García para utilizar o salón de actos da casa de cultura, o día 22 de novembro de 2014 en horario de 19:00 a 21:00 horas para a presentación do libro “Buenas noches Julia”.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.3.- SOLICITUDES DE D. MANUEL GARCÍA BALADO SOLICITANDO REHABILITACIÓN LICENZA DE TAXI E CAMBIO DE MATERIAL

Vistos os escritos presentados por D. Manuel García Balado, con DNI 33202033S con domicilio na R/ Campo do Rosario, 4 Boimorto, rexistro de entrada no Concello cos números 2072 e 2073 en data 23/09/2014, no que solicita rehabilitación da licenza de taxi e cambio de vehículo, adxuntando copia da súa documentación, comunicando que o 09/06/2014 presentou

solicitud de transmisión de licenza cando o que quería solicitar era a autorización do cambio de material para poñer en funcionamento a licenza cun condutor asalariado e necesita o certificado para levantar a suspensión temporal de licenza de taxi da cal adxunta copia do Servizo de Mobilidade do departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 18/03/2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local celebrada en data 31/07/2014, na que se denegaba a D. Manuel García Balado a solicitude de transmisión da licenza de auto-turismo número 3 e se declaraba a súa caducidade, condicionando este acordo a que o interesado presente neste Concello o levantamento da suspensión da licenza por acordo da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Autorizar a D. Manuel García Balado o cambio de material para exercer o transporte de viaxeiros substituíndo o vehículo marca Peugeot 406 matrícula C-8639-CF polo Renault Megane matrícula 9292 DKG en relación coa licenza de auto turismo nº 3 Clase B para prestar o servizo público de transporte de viaxeiros baixo o condicionante de que o interesado presente neste Concello o levantamento da suspensión da licenza por acordo da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado xunto co réxime de recursos para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria interventora sobre a non constancia nos expedientes de comunicación previa sobre a legalidade dos inmobles (construcións) sobre as que realizar obras solicitadas , legalidade por ter licenza ou ben darse o caso de declaración de fora de ordenación pasados os prazos fixados legalmente para a incoación e resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o que leva a advertir que non poderían autorizarse obras novas sobre construcións ilegais que previamente deberían ser obxecto de expediente de reposición da legalidade urbanística sen prexuízo do inicio e resolución no seu caso de expediente sancionador urbanístico.

4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 2 de setembro de 2014 (RE núm. 1790) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Ramón Mariño Sánchez
DNI:	33132871-Z
Domicilio:	Lg. Boavista núm. 5 - Dormeá -15816 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material de cuberta e pintado da fachada principal.
Situación:	Lg. Boavista núm. 5 - Boimorto
Referencia catastral:	001500400NH76A0001TE
Orzamento de execución:	3.650 Euros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa categoría de orixinario denso

Autorización sectoriais:	Informe do Servizo Provincial de Infraestruturas de data 26/08/14 autorizando as obras (exp. nº MT206B 2014849)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 10 de setembro de 2014)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 4.367,10 Euros

Liquidación 2%: **87,34 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Ramón Mariño Sánchez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 3 de setembro de 2014 (RE núm. 1806) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Santiago Aguión Costoya
DNI:	33276280-H
Domicilio:	Lg. Gárdoma núm. 8 - Boimil - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material de cuberta de dous alpendres.
Situación:	Lg. Gárdoma núm. 8 - Boimil - 15817 Boimorto
Referencia catastral:	001201100NH76C0001EZ
Orzamento de execución:	1.540 Euros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 10 de setembro de 2014)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 4.588,00 Euros

Liquidación 2%: **91,76 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Santiago Aguión Costoya indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 12 de setembro de 2014 (RE núm. 1975) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Josefa López Cabanas
DNI:	76474850-B
Domicilio:	Lg. Froxá núm. 3 - Buazo - 15818 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material de cuberta dunha vivenda.
Situación:	Lg. Froxá núm. 3 - Buazo
Referencia catastral:	15010A505001200001KX
Orzamento de execución:	12.102,20 Euros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 15 de setembro de 2014)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras

formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 12.102,20 €uros

Liquidación 2%: **242,04 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Josefa López Cabanas indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 11/2014) PARA REPARACIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO NÚMERO 36 DO LUGAR DE CANTO DO BALO, PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. MARÍA MONTSERRAT FERNÁNDEZ BARREIRO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra (OB-003), tramitado a instancia de Dna. María Montserrat Fernández Barreiro, con DNI nº 78784202-W, e con domicilio para os efectos de notificación en Lg. Canto do Balo nº 36, parroquia de Arceo, solicitude con entrada no concello nº 1757 con data 28/08/2014, para o “Proxecto básico e de execución de reparación de cuberta de vivenda unifamiliar” sita no número 36 do lugar de Canto do Balo, parroquia de Arceo (solo de núcleo rural) redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro, colexiado número 2.117, visado polo Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia en data 08/08/2014, constando nomeamento de dirección de obra.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmobles de natureza urbana, a vivenda data do ano 1988.

Vista a autorización do Servizo de Vías e Obras Provincias da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1004 de data 20/08/2014

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 10/09/2014 para a realización de dita obra que clasifica como maior en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Visto o informe de secretaría municipal de data 25/09/2014.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a Dna. María Montserrat Fernández Barreiro (LO 11/2014) para reparación de cuberta de vivenda unifamiliar sita no número 36 do lugar de Canto do Balo, parroquia de Arceo (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso) conforme á documentación mencionada nos considerandos deste acordo, sendo nomeado director de obra D. Manuel Varela Caabeiro, colexiado número 2117.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgáse a licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Deberase axustar ao contido na autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1004 de data 20/08/2014.

.- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.

- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material, segundo informe técnico: 12.575,46 Euros.

Liquidación 2%: **251,51 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Montserrat Fernández Barreiro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO E OBRA DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE BOIMORTO. EXPEDIENTE COPNSP 3/2014

Visto o expediente de procedemento negociado sen publicidade tramitado en relación co contrato mixto subministro e obra subvencionado ao abeiro da Resolución do 23/12/2013 do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), actuacións incluídas no proxecto “Mellora de eficiencia enerxética en alumados públicos no Concello de Boimorto”, no que se declara como oferta económica máis ventaxosa por Decreto da Alcaldía nº 371/2014 de data 12/09/2014 a presentada por MoonOff, S.L, en cumprimento do disposto no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, acordo que se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 371 / 2014 **Data decreto:** 12/09/2014 **Descrición decreto:** Proposta de adxudicación do contrato mixto subministro e obra de Mellora da eficiencia enerxética en alumados públicos no Concello de Boimorto.

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o expediente de procedemento negociado sen publicidade do contrato mixto subministro e obra de Mellora da eficiencia enerxética nos alumados público do Concello de Boimorto, subvencionado ao abeiro da Resolución do 23/12/2013 pola que se establecen as bses reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para o exercicio de 2014 en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos á renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes nos Concellos de Galicia cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007/2013, do Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

Visto certificado de Secretaría de data 12/09/2014 das ofertas presentadas en tempo e forma neste procedemento negociado sen publicidade no que foron invitadas en aplicación do artigo 178 do RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público que se reproduce literalmente:

<<REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que en cumprimento do decreto ditado pola Alcaldía número 309/2014 en data 13/08/2014 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación mixto subministro e obra “Mellora da eficiencia enerxética en alumados públicos no Concello de Boimorto” e outorgado un prazo de oito días naturais para a presentación de ofertas polas seis empresas invitadas na data de hoxe presentanse por rexistro de entrada neste Concello en tempo e forma das empresas:

.- Lllaman Energy, S.L. (con CIF B-27444702) presenta:

Sobre A con entrada nº 1744 en data 27/08/2014

Sobre B con entrada nº 1745 en data 27/08/2014

Sobre C con entrada nº 1746 en data 27/08/2014

.- Enertika, S.L. (con CIF B-64734726) presenta:

Sobre A con entrada nº 1753 en data 28/08/2014

Sobre B con entrada nº 1754 en data 28/08/2014

Sobre C con entrada nº 1755 en data 28/08/2014

.- MoonOff, S.L. (con CIF B-70328307) presenta:

Sobre A con entrada nº 1763 en data 28/08/2014

Sobre B con entrada nº 1764 en data 28/08/2014

Sobre C con entrada nº 1765 en data 28/08/2014

.- INGEKOR (Jorge Mario García Brandariz con NIF 34895526-H) presenta:

Sobre A con entrada nº 1823 en data 04/09/2014

Sobre B con entrada nº 1824 en data 04/09/2014

Sobre C con entrada nº 1825 en data 04/09/2014

En relación coas outras duas empresas invitadas a participar como consta no expediente nos acuses de recibo de recepción da invitación municipal non presentaron oferta polo que deberían quedar fora da licitación.

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldesa

En Boimorto, doce de setembro de 2014

Vº Prace

A Alcaldesa:

A Secretaria:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>

Aprobado dito expediente por Decreto desta Alcaldía 309/2014 de 13/08/2014 constando no expediente informe de Secretaría-Intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito de intervención en relación á aplicación orzamentaria do orzamento municipal para a anualidade 2014 425.62700 cun orzamento de execución por contrata de 52.235,42 Euros ive incluído.

Aperturados os sobres A das 4 ofertas presentadas nos que se presentan en aplicación do Anexo 4 dos pregos de prescricións administrativas particulares declaracións responsables dos licitadores indicando que cumpren coas condicións establecidas legalmente para poder contratar con esta Administración.

Procédese por esta Alcaldía (competente para esta contratación avocando as competencias delegadas na Xunta de goberno local) á apertura do sobre B e valoración das ofertas presentadas en tempo e forma conforme ao establecido no Anexo 3 do prego de prescricións administrativas particulares que rexe a presente contratación outorgando a seguinte puntuación:

1.-INGEKOR (Jorge Mario García Brandariz 34895526H) :

Oferta execución en 8 días e 5.000€ en melloras (14 unidades indicadas na oferta)

Puntuación:8,80 en prazo de execución e 10 puntos en melloras TOTAL = 18,80 puntos

2.-Hallmann Energy S.L. CIF B-27444702:

Oferta execución en 30 días e 1.815€ en melloras a elección do Concello.

Puntuación: 8,51 en prazo de execución e 3,63 puntos en melloras TOTAL = 12,14

3.-Enertika S.L. CIF B-64734726:

Oferta execución no prazo de 45 días naturais o do proxecto e non oferta melloras
Puntuación:0 en prazo de execución e 0 puntos en melloras TOTAL = 0

4.-MoonOff S.L. CIF B- 70328307:

Oferta execución en 3 días e melloras en 4.980€ 166 lampadas identidicadas na oferta
Puntuación:10 en prazo de execución e 9,96 puntos en melloras TOTAL = 19,96

A continuación e aperturados os sobres C nos que se fan as ofertas económicas a puntuación outorgada en aplicación do disposto no prego e de :

1.-INGEKOR (Jorge Mario García Brandariz 34895526H) :

Oferta 47.480,88€ Puntuación: 0,50

TOTAL de puntuación sobre B +C = 18,50

2.-Hallmann Energy S.L. CIF B-27444702:

Oferta 51.998,00€ Puntuación: 0,03

TOTAL de puntuación sobre B +C = 12,17

3.-Enertika S.L. CIF B-64734726:

Oferta 45.678,94€ Puntuación: 0,67

TOTAL de puntuación sobre B +C = 0,67

4.- MoonOff S.L. CIF B-70328307:

Oferta 44.390,49€ Puntuación: 0,79

TOTAL de puntuación sobre B +C = 19,79

En aplicación do artigo 14 da Lei 30/1992, avocando as competencias delegadas por esta Alcaldía Presidencia na Xunta de Goberno Local en materia de contratación por Decreto nº 201/2011 con data 27/06/2011, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Declarar como oferta máis ventaxosa a presentada por MoonOff S.L. con CIF B-70328307, para a contratación do contrato mixto subministro máis obra de Mellora da eficiencia enerxética nos alumeados público do Concello de Boimorto a executar segundo o proxecto que consta no expediente de contratación polo prezo ofertado de 44.390,49€ cumprindo o prazo de execución de 3 días naturais así como a entrega da unidades ofertadas e valoradas como mellora de 4.980€ 166 lampadas identidicadas na oferta de halogenuros metálicos Philips Master City White Plus CDO TT 50W

SEGUNDO.- Requerir a MoonOff S.L. con CIF B-70328307, para que en aplicación do previsto no artigo 151 do TRLCSP, no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que reciba comunicación deste acordo presente a seguinte documentación xustificativa esixida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas que rixe a contratación, consistente en:

- a) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- b) Constituír a garantía definitiva por importe de 1.834,32€ (5% **importe de adxudicación sen IVE**), por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.
- c) Acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Así mesmo, en aplicación do Anexo 4 do prego de cláusulas administrativas particulares deberá acreditar ante o órgano de contratación posesión e validez dos documentos esixidos no sobre “A” cláusula 10 que inicialmente foi substituída por declaración responsable.

Advertíndolle que, de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado ou non acreditar debidamente a capacidade e solvencia para contratar con esta administración entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Boimorto doce de setembro de dous mil catorce
Perante min:
A Alcaldesa
A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

.....Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Resultando que a empresa MoonOff, S.L constituíu garantía definitiva por importe de 1.834,32 €uros mediante ingreso na conta bancaria da entidade Abanca titularidade deste Conello e presentou os documentos xustificativos esixidos.

En aplicación do disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público artigos 151.4, 154 e 156, e tendo en conta a delegación que en materia de contratación foi realizada pola Alcaldía a favor desta Xunta de Goberno Local, a Xunta de Goberno Local por unanimidade en exercicio de competencias delegadas por esta Alcaldía **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa MoonOff, S.L., CIF: B-70328307 con domicilio en Avda. República Checa. Nave 24, P.E. Costa Vella 15707 Santiago de Compostela a contratación convocada mediante procedemento negociado sen publicidade para a execución do subministro e obra “Mellora da eficiencia enerxética nos alumeados públicos do Concello de Boimorto” COPNSP 3/2014 por importe de 44.390,49 €uros IVE incluído (prezo sen IVE = 36.686,36 €uros IVE = 7.704,14 €uros) e que deberá executarse no prazo de 3 días naturais e con estricte suxeición aos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen a presente contratación, o proxecto que consta no expediente e nos termos da súa oferta, considerada como a máis ventaxosa, así como a entrega das unidades ofertadas e valoradas como mellora de 4.980€ 166 lampadas identificadas na oferta de halogenuros metálicos Philips Master City White Plus CDO TT 50W.

SEGUNDO.- Notificar esta adxudicación ó/s interesado/s indicando que o adxudicatario terá un prazo de oito días hábiles dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo de adxudicación definitiva para a formalización do contrato en documento administrativo.

TERCEIRO.- Nomear como director da obra a D. Ángel Delgado Cid, colexiado nº 4.657

CUARTO.- Certificación deste acordo cólguese no perfil do contratante desta administración.

4.2.2.- MODIFICACIÓN IMPORTE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E OBRA DENOMINADO “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE BOIMORTO” COPNSP 3/2014

Pola secretaria informa que é necesario modificar o importe de 44.390,49 €uros da adxudicación do contrato mixto subministro e obra acordado no punto anterior debido ao desglose da base imponible e o IVE que supón un céntimo máis sendo o importe da adxudicación con IVE incluído de 44.390,50 €uros.

Tendo en conta a delegación que en materia de contratación foi realizada pola Alcaldía a favor desta Xunta de Goberno Local, a Xunta de Goberno Local por unanimidade en exercicio de competencias delegadas por esta Alcaldía **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do importe de adxudicación do contrato mixto subministro e obra denominado “Mellora da eficiencia enerxética nos alumeados públicos do Concello de Boimorto” quedando en 44.390,50 €uros.

SEGUNDO.- Comunicarllo á empresa adxudicataria MoonOff, S.L., CIF: B-70328307 para que o teña en conta á hora de expedir a factura.

4.2.3.- LICITACIÓN DO SERVIZO ASISTENCIA TÉCNICO URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO. EXPEDIENTE CSPNSP 3/2014

Visto o expediente de contratación pro procedemento negociado sen publicidade tramitado en relación co servizo de “Asistencia técnico urbanística do Concello de Boimorto”.

Aprobado o expediente por Decreto 248/2014 ditado pola Alcaldía en data 14/07/2014, constando no expediente informe de data 14/07/2014 de Secretaría-Intervención en relación á aplicación orzamentaria municipal para a anualidade 2014 150.22706.

Remitidas invitacións, en cumprimento do disposto no artigo 178 do RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para participar a: Cerne Ingeniería, S.A. CIF: A15056468, Iceasca Consultores, S.L. CIF: B15080849 e Proyfe, S.L. CIF: B15077233.

Visto certificado de secretaría de data 17/09/2014 das ofertas presentadas en tempo e forma que se reproduce literalmente:

<<MARÍA LUISA CACHARRÓN SOUTO, SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que en cumprimento do Decreto ditado pola Alcaldía número 248/2014 en data 14/07/2014 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación do servizo de “Asistencia técnico urbanística do Concello de Boimorto” e outorgado un prazo de un mes para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe presentanse por rexistro de entrada neste Concello en tempo e forma das empresas:

.- ICEACSA CONSULTORES, S.L. con CIF B-15080849 presentou no Concello de Boimorto en data 26/08/2014 escrito con rexistro de entrada nº 1740 no que comunica que non dispoñen dos medios adecuados en contestación á invitación do Concello.

.- PROYFE, S.L. con CIF B-15077233 presentou no Concello de Boimorto en data 16/09/2014 escrito con rexistro de entrada nº 1995 no que comunica que non están interesados en presentar oferta en contestación á invitación do Concello.

.- Cerne Ingeniería, S.A. (con CIF A-15056468) presenta:

Sobre A con entrada nº 2012 en data 17/09/2014

Sobre B con entrada nº 2013 en data 17/09/2014

Sobre C con entrada nº 2014 en data 17/09/2014

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde
En Boimorto o 17 de setembro de 2014

Vº Prace
A Alcaldesa:

A Secretaria accidental:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade en execución das competencias delegadas en materia de contratación **ACORDA:**

ÚNICO.- Invitar a tres empresas máis para garantir a concurrencia na contratación a presentación de oferta sendo estas empresas: Cerne Ingeniería, S.A. CIF: A-15056468; Oficina de Arquitectura, Urbanismo y Planificación, S.L.P. CIG: B-15772478 e Estudio Técnico Gallego, S.A. CIF: A-15093081.

4.2.4.- APROBACIÓN PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE “ALIMENTACIÓN DA RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO”

Examinado o expediente de contratación do servizo de “Alimentación da residencia e centro de día de Boimorto” e de cantos antecedentes, informes e documentos constan no mesmo.

Visto que en data 24 de outubro de 2013, subscribeuse contrato de servizo de alimentación da residencia e centro de día de Boimorto, coa empresa “Serunión, S.A.”, en cúa cláusula terceira se establece que: “*A duración do contrato será de UN ANO, a contar dende o día da sinatura do contrato, prorrogable ata un máximo dun ano máis*”.

Considerando necesario seguir contando con dito servizo, e tendo en conta o artigo 23 do texto refundido da Lei de contratos do sector público que se transcribe a continuación:

<<Artículo 23 Plazo de duración de los contratos

1. Sin perjuicio de las normas especiales aplicables a determinados contratos, la duración de los contratos del sector público deberá establecerse teniendo en cuenta la naturaleza de las prestaciones, las características de su financiación y la necesidad de someter periódicamente a concurrencia la realización de las mismas.

2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de éstas y que la concurrencia para su adjudicación haya sido realizada teniendo en cuenta la duración máxima del contrato, incluidos los períodos de prórroga.

La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, salvo que el contrato expresamente prevea lo contrario, sin que pueda producirse por el consentimiento tácito de las partes.

3. Los contratos menores definidos en el artículo 138.3 no podrán tener una duración superior a un año ni ser objeto de prórroga.>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA**

PRIMEIRO.- Aprobar a prórroga anual do contrato de servizo de “Alimentación da residencia e centro de día de Boimorto”, coa empresa “SERUNION, S.A.” CIF: A-59376574, con efectos desde o 25 de outubro de 2014 ao 25 de outubro de 2015 coas mesmas condicións do contrato inicial.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao contratista indicando o réxime de recursos así como documentar dita prórroga para a súa formalización expresa de mutuo acordo por ambas partes.

4.2.5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE “EQUIPAMENTOS TÉRMICOS DE BIOMASA PARA A CASA CONSISTORIAL E O CENTRO DE MAIORES DE BOIMORTO”. EXPEDIENTE CSPNSP 3/2014

Visto o expediente de contratación do subministro de “Equipamentos térmicos de biomasa para a casa consistorial e o centro de maiores de Boimorto”, co seguinte presuposto:

A) Caldeira casa consistorial 23.706,32 IVE Incluído (valor estimado 19.592,00 €uros máis 4.114,32 € en concepto de IVE de 21%).

B) Caldeira centro de maiores 11.164,67 € IVE incluído (valor estimado 9.227,00 €uros máis 1.937,67 € en concepto de IVE de 21%).

TOTAL: 34.870,99 €uros IVE incluído.

Vista a Providencia da Alcaldía iniciando o expediente de contratación do subministro referido. Constando no expediente informe de intervención de data 25/09/2014 sobre o porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do presuposto vixente e da tramitación de expediente de modificación de créditos e rectificación que crea partidas con aportación municipal que complementa a parte financiada subvencionada por AGADER partidas 920.623 e 334.623

Constando informe de secretaría de data 25/09/2014 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que haberán de rexir a contratación por procedemento negociado sen publicidade no marco do Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 109 do TRLCSP RDLex 3/2011 estando este subministro subvencionado por AGADER, con fundamento no aforro.

Considerando a necesidade tramitación urxente desta contratación en aplicación do artigo 112 do TRLCSP 3/2011 motivada na necesidade de xustificar a subvención outorgada por AGADER antes do 31 de outubro de 2014

Tendo en conta a delegación que en materia de contratación foi realizada pola Alcaldía a favor desta Xunta de Goberno Local e en aplicación do disposto no artigo 110.2 e na disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do contrato administrativo de subministro de “Equipamentos térmicos de biomasa para a casa consistorial e o centro de maiores de Boimorto” cun orzamento de execución de contrata de 34.870,99, IVE incluído (valor estimado 28.819,00 €uros máis 6.051,99 €uros en concepto de IVE de 21%), por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía do subministro, contratación conforme aos pregos de prescricións administrativas particulares e técnicas que están no expediente e que se realizará por tramitación urxente ante a necesidade de xustificar a subvención outorgada por AGADER.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que constan no expediente, que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade deste subministro non suxeito a regulación harmonizada recollendo o prego de prescricións particulares do contrato os criterios de adxudicación do mesmo.

TERCEIRO.- Non asumir ningún compromiso de gasto nesta contratación esperando dito/s compromiso/s o momento de adxudicación.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 320.1 do TRLCSP non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e solicitar a oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realizar a adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionad o prezo do contrato e deixando constancia de todo isto no expediente. Acordar dirixir oferta ás seguintes empresas: *Ecogal*

Renovables, S.L con CIF E-27371806; Vagalume Energía, S.L con CIF B-94056470 e Incoga Renovables, S.L con CIF B-70313879.

4.2.6.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA “MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ANDABAO, ARCEO E BUAZO”. EXPEDIENTE COPNSP 4/2014

Visto o expediente relacionado coa obra subvencionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña no “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” para a execución da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo”.

Vista Providencia da Alcaldía de data 25/09/2014 en relación coa incoación do expediente de contratación.

Sendo necesario a aprobación de expediente de contratación da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo” constando no expediente proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid Colexiado nº 4.657 redactado en abril 2014 aprobado polo Pleno en sesión de data 24/04/2014 cun orzamento de execución por contrata de 62.154,31 € IVE incluído (valor estimado 51.367,20 € máis 10.787,11 € en concepto de IVE de 21%) constando no expediente informe de data 25/09/2014 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2014 155.63152.

Visto informe de secretaría de data 25/09/2014 sobre o procedemento contractual, así como prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras comprendidas en plans provinciais da Excm. Deputación Provincial así como as prescricións técnicas que constan no propio proxecto de obras.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 110 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, estando esta obra subvencionada pola Excm. Diputación Provincial da Coruña no marco do Plan DTC 93 Unha deputación paa todos os concellos xustifícase a súa realización na necesidade de cumprimento da prestación de servizos mínimos obrigatorios no marco do establecido no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local no mantemento dos vias municipais e garantía da seguridade vial.

Considerando aplicable a tramitación ordinaria neste expediente en uso das facultades delegadas pola alcaldía presidencia nesta Xunta de goberno local e en aplicación do disposto no artigo 110 e na disposición adicional 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da obra de "Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo" prevista no proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid Colexiado nº 4.657 en abril 2014 cun orzamento de execución por contrata de 62.154,31 € IVE incluído (valor estimado 51.367,20 € máis 10.787,11 € en concepto de IVE de 21%) por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía da obra e a concreción do seu obxecto, conforme o proxecto de obras descrito acordando aplicar a tramitación ordinaria nesta contratación.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que constan no expediente e foi publicado pola Excm. Diputación Provincial en BOP de 01/06/2012 nº 103, xunto co de prescricións técnicas recollido no proxecto de obras, que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado das

obras sen publicidade, recollendo o cadro de características do contrato (anexo I) e os criterios de adxudicación concretando a súa baremación (anexo IV) no prego de condicións particulares.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 62.154,31 € sobre a partida 155.63152 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2014.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 320.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e solicitar a oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realizar a adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo iso no expediente. Por medio do presente se acorda dirixir oferta ás seguintes empresas: *Antonio Filloy, S.A. CIF: A-36.016.665; Construcciones González y González, S.L. CIF: B-15165004 e Martínez Montes e Hijos, S.L. CIF: B-15025372.*

4.2.7.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA “MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE BRATES, CARDEIRO, SENDELLE, BOIMORTO, OS ÁNXELES E CORNEDA. EXPEDIENTE COPNSP 5/2014

Visto o expediente relacionado coa obra subvencionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña no “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” para a execución da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Brates, Cardeiro, Sendelle, Boimorto, Os Ánxeles e Corneda”.

Vista Providencia da Alcaldía de data 25/09/2014 en relación coa incoación do expediente de contratación.

Sendo necesario a aprobación de expediente de contratación da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Brates, Cardeiro, Sendelle, Boimorto, Os Ánxeles e Corneda” constando no expediente proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 redactado en abril 2014 aprobado polo Pleno en sesión de data 24/04/2014 cun orzamento de execución por contrata de 74.486,04 € IVE incluído (valor estimado 61.558,71 € máis 12.927,33 € en concepto de IVE de 21%) constando no expediente informe de data 25/09/2014 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2014 155.63153.

Visto informe de secretaría de data 25/09/2014 sobre o procedemento contractual, así como prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras comprendidas en plans provinciais da Excm. Deputación Provincial así como as prescricións técnicas que constan no propio proxecto de obras.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 110 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, estando esta obra subvencionada pola Excm. Diputación Provincial da Coruña no marco do Plan DTC 93 Unha deputación paa todos os concellos xustifícase a súa realización na necesidade de cumprimento da prestación de servizos mínimos obrigatorios no marco do establecido no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local no mantemento dos viais municipais e garantía da seguridade vial.

Considerando aplicable a tramitación ordinaria neste expediente en uso das facultades delegadas pola alcaldía presidencia nesta Xunta de goberno local e en aplicación do disposto no artigo 110 e na disposición adicional 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

